



## "odesexo" coletivo - O levantador de minas



### “odesexo” coletivo



*odesexo* é un volume de obra plástica e poética galegas. Fazem parte os artistas: Maside, Pardiñas, Riveiro. Os poemas são de Ramón Neto, Verónica Martínez, Lino Braxe, Emma Pedreira, Eli Ríos, Eduardo Estévez, Mercedes Leobalde, Alberto Momán, Antonio G. Teijeiro, Miguel Mato, Paco de Tano, Xosé Iglesias, Paco Souto. Edita Caldeirón (Malpica, Galiza-Espanha).

[Concello de Carballo](#): «Poesía e arte van da man na exposición “oDesexo” que poderá visitarse até o 8 de maio no Pazo da Cultura de Carballo. A Asociación Cultural Caldeirón e o Concello organizan esta cita que, segundo explica Paco Souto [...] “é o froito de tres obras absolutamente diferentes, cada unha moi persoal”, creadas polos artistas Xulio Maside, Xoán Pardiñas e Fernando Riveiro. Non obstante, Souto aclara que á vez “teñen moitas referencias comúns porque hai moita vida entre estes tres pintores”. Pero ademais de ser produto do maxín destes tres creadores, “oDesexo” tamén é un catálogo no que está presente a obra de trece dos quince poetas que até o momento teñen publicado na Asociación Cultural Caldeirón, porque a exposición estaba pensada para conmemorar os dez anos do Premio de Poesía erótica Illas Sisargas que se celebrou o pasado novembro. Ao final non pudo ser nesa data, pero a mostra segue “a celebrar

oDesexo”, subliña Souto, que engade que “o importante é que a xente de Carballo poda gozar con esta obra fantástica [...]”.